Trasalba 14 do San Xohan 58

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Escribolle emozoado querendo contar a fonda de agradecimento galgadoira dende o corazón. No seu estudo eu enxergome desincarnado, como unha nebolosa no espacio, tratada polos métodos mais perfeitos e novos da óptica crítica. Como si unha exercitada arelanza sostida pola necesidade que ten de obxetivarse a simpatia tivera escollido unha obra de néboa e agromada, non remanecida en fonte nin froito o seu tempo, pra illare unha entidade de estética. Eu alédome pola beleza, o fino senso do ensaio, unha sonata composta con degoiro de esaititude, con virtuosismo de xoven mestre. Vou amodiño entrando por ise xardin da amizade que é o "Homaxe". En min co isto os remorsos, madurecidos, do que non fixen ou fixen mal, caden d'ante a gravidade e fermosura de iste sacrifiso senlleiro a Galiza feito a través de min.. Case percibome espreitando a serva Madanela como os 15 anos cando chorabe co ¡adeus! de "Amor de perdiçao" do Camillo, ou aquilo de Chateaubriand "como si Deus quixera por carón do meu berce a imaxen do meu destino" falando de Tampestade

¿Gustoulle Trasalba? Ten unha luz occidental que se apreixe as cousas con tenrura varonil e tenrido de man acariñando unha testa de neno. Infindas gracias. Saúdos a dona -b.s.p.- e as nenas, e sabe canto o quer e admira

R. Otero Pedrayo

AC
112 1157-3